



Memoria da addenda do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense relativo á utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, é o órgano competente da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, entre outras, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Xuventude.

Na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, recóllense os servizos á xuventude, destacando entre eles as instalacións xuvenís e no artigo 33 e) atribúense á Consellería competente en materia de xuventude as funcións de coordinación e supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto propias como dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude conta cunha serie de instalacións (sendo unha delas a residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense) a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico que lles ofrecen aloxamento e mantenza; nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para a promoción do deporte entre a xuventude, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozas e mozas e creando sinerxias entre ambas mediante o aproveitamento compartido das instalacións de titularidade de cada unha.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE,
Edificio Administrativo San Lázaro, planta 0
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 981 544 864 ·
xuventude.xunta.gal



Así, para a consecución destes fins, asinaron un convenio de colaboración o día 21 de outubro de 2024 no que se reflectían os compromisos que asumía cada unha das partes.

En concreto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para facilitar que mozos e mozas do rural poideran continuar desenvolvendo a súa formación deportiva, comprométese a proporcionar aloxamento e manenza en réxime de pensión completa a 5 mozos/as deportistas, previamente seleccionados pola Deputación Provincial de Ourense, na súa residencia xuvenil Florentinos López Cuevillas, sita na rúa Arturo Pérez Serantes, n.º 2, na cidade de Ourense, condicionado á ocupación e necesidades da residencia.

A Deputación Provincial de Ourense, pola súa banda, comprometeuse a facilitar o uso das canchas das instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola administración provincial aos mozos e mozas residentes na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, centro dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Para iso, previa solicitude, bonifica cun 90% o prezo público aplicable, segundo o procedemento previsto no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo de Deportes Paco Paz—que inclúe as seguintes instalacións e prezos os que se lle aplicará a bonificación anteriormente indicada:

Pista auxiliar	
Media pista	8€
Pista enteira	12€
Pista principal	
Media pista	11€
Pista enteira	22€
Un tercio	6€

A subscrición deste convenio non supuxo custe económico, xa que, a súa finalidade non é acadar un beneficio económico, senón fixar os termos dunha colaboración entre administracións públicas que ten por obxecto fomentar o deporte. A necesidade de instalacións deportivas é un feito puntual desta residencia e, de existir outras na mesma situación, asinaríanse outros convenios de colaboración interadministrativa.

[DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE,](#)

[Edificio Administrativo San Lázaro, planta 0](#)

[15781 Santiago de Compostela](#)

[T. + 34 981 544 864 ·](#)

xuventude.xunta.gal





A cláusula sétima do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense relativo á utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude establece que será causa de resolución do convenio o transcurso do prazo máximo de vixencia sen acordarse a prórroga do mesmo.

A teor do anteriormente exposto, e dado que se manteñen as condicións que fundamentaron a sinatura deste, as partes acordan asinar unha addenda ao convenio de colaboración coa finalidade de prorrogar a súa vixencia para o curso académico 2025/26.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Xuventude

Lara del Carmen Meneses Álvarez

